

Proxecto Naturalmente Cangas



SÚMATE Á COMPOSTAXE CON NÓS!

Colaboran:






Introducción

A xeración de residuos urbanos en Galicia incrementouse considerablemente nos últimos anos, sendo a metade do lixo que xeramos nos nosos fogares **materia orgánica**.

Na actualidade o gasto na xestión de residuos en Cangas ascende a uns **800.000 €/ano**, para facela máis sostible e minimizar os custes asociados aos sistemas de recollida, creamos o proxecto “**Naturalmente Cangas**” onde apostamos pola **compostaxe**, axudando deste xeito a reducir os aportes de lixo orgánico aos colectores convencionais, e así **minimizar** o impacto ambiental e poder cumprir a normativa europea en materia de reciclaxe para o 2020.



Proxecto Naturalmente Cangas

Para achegar a compostaxe a toda a veciñanza da nosa vila sacamos dúas liñas de actuación:

1.LIÑA DE COMPOSTAXE INDIVIDUAL: Orientada á xente que vive nas parroquias. Será requisito indispensable que se **dispoña** dun espazo de xardín ou horta.

2.LIÑA DE COMPOSTAXE COMUNITARIA: Orientada á xente que **non** dispón de horta ou xardín que vive no centro de Cangas, preto das ubicacións dos centros de compostaxe comunitaria.



Liña 1. Compostaxe Individual

As familias que participan no plan recibirán en **cesión** e de balde un composteiro individual e un curso formativo. Deste xeito teredes un apoio especial para arrancar co composteiro no voso terreo. Posteriormente, o **Departamento de Medio Ambiente** realizará visitas de seguimento onde a veciñanza poderá consultar as posibles dúbidas que xurdan durante o proceso.



Liña 2. Compostaxe Comunitaria

Hai tres centros de compostaxe comunitaria na Vila de Cangas. Todas as familias que queiran participar no plan terán que recibir un pequeno asesoramento do noso **Mestre Composteiro** para que entre todos e todas fagamos unha correcta xestión. Elixo a zona que che quede máis preto!



Foto: Centro de Compostaxe Comunitario en Xardíns dos Xulgados

- Zona 1: Xardíns dos Xulgados
- Zona 2: Xardíns de Andrea
- Zona 3: Rodeira





Como facer a solicitude

Agora tedes a oportunidade de **sumarvos a compostaxe**, escollendo dentro das dúas modalidades posibles. Para inscribivros tedes que cubrir unha folla de inscrición que poderedes atopar na web do Concello.

A tramitación da solicitude debes facela no Departamento de Medio Ambiente do Concello de Cangas.

As persoas participantes deberán estar empadroadas no Concello e ter a súa residencia ou finca con horta/xardín no mesmo.

Informádevos no Concello!



**REDUCE
REUTILIZA
RECICLA**



Concello de Cangas

Concellaría de Medioambiente
e Turismo



Avda de Castelao, nº2



986300050 Ext. 205



medioambiente@cangas.gal

